



XUNTA DE GALICIA

galicia

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA E A ENTIDADE LA REGIÓN, S.A. PARA A DIFUSIÓN DAS ACTIVIDADES DESTA CONSELLERÍA DE INTERESE PARA A CIDADANÍA DURANTE O ANO 2018.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, D. Alfonso Rueda Valenzuela, Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte D. Carlos Jesús Barbosa Lorenzo, con DNI 34.956.139 A en nome e representación da entidade "La Región, S.A." con CIF A 32100653, editora do xornal "La Región", segundo acredita polos poderes outorgados o 17 de abril de 2015 e o 4 de outubro de 2017 ante o Notario D. Fernando Martínez-Gil Fluxa.

Ambas as partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal necesaria para o outorgamento deste convenio e para o efecto

EXPOÑEN

I.- Os medios de comunicación social son institucións esenciais para o proceso de formación da opinión pública e, polo tanto, para o correcto funcionamento das institucións democráticas. As liberdades do artigo 20 da Constitución, como sostén o Tribunal Constitucional, non son só dereitos fundamentais de cada cidadán, senón que significan o recoñecemento e a garantía dunha institución pública fundamental como é a opinión pública libre, de tal maneira que para que o cidadán poida formar libremente as súas opinións e participar de xeito responsable nos asuntos públicos, ten que ser tamén informado amplamente de xeito que poida ponderar opinións diversas e incluso contrapostas.

Deste xeito, a información e comunicación difundida a través dos medios de comunicación social constitúe un instrumento esencial para o desenvolvemento pleno da persoa, tanto a nivel individual coma social.

En definitiva, os medios de comunicación social desempeñan un papel de intermediario natural entre a información e cantos non están en condicións de coñecela directamente, papel que se acrecenta con respecto a acontecementos que pola súa entidade poden afectar a todos e por elo acadan unha específica resonancia social.





II.- A Vicepresidencia e consellería de Presidencia e Administracións Públicas e Xustiza pretende contribuír a que os cidadáns dispoñan da maior e mellor información posible e ao mesmo tempo transmitir os valores que informan a actuación pública, impulsando para iso as condicións necesarias para o exercicio da liberdade de expresión e o dereito á información, e contribuír, deste xeito, a formación e existencia dunha opinión pública libre e democrática.

III.- Por outra banda, a entidade **LA REGIÓN ,S.A.**, ven realizando unha labor de información e comunicación na área de influencia que abrangue a súa distribución, das actuacións da administración autonómica, en xeral, e da Vicepresidencia e consellería de Presidencia e Administracións Públicas e Xustiza en particular.

IV.- En consecuencia, as partes acordan a formalización dun convenio de colaboración suxeito ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e os medios de comunicación que se relacionan no anexo para a difusión entre a cidadanía e sociedade en xeral das actividades desta consellería de interese para a cidadanía durante o ano 2018.

As actuacións a realizar en ningún caso abranguerán ningunha das finalidades ou materias sobre as que o artigo 4 da Lei 29/2005, do 29 de decembro, de publicidade e comunicación institucional, estenda a súa prohibición.

SEGUNDA.- OBRIGAS DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

1. Poñer a disposición da entidade asinante os coñecementos necesarios para o bo fin do obxecto deste convenio.
2. Achegar a entidade, como máximo o importe establecido na cláusula cuarta, como compensación polos gastos que lle ocasiona ao medio de comunicación o desempeño das actividades obxecto do convenio.

TERCEIRA.- OBRIGAS DA ENTIDADE

1. Fixar a liña editorial e a conseguinte responsabilidade editorial dos contidos publicados.
2. A publicación de contidos relacionados coas liñas de acción da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, especialmente aquelas relativas á Igualdade, a xestión das emerxencias e á modernización da Administración, a través da publicación de 6 páxinas divulgativas, ben individuais ben en especiais de dúas páxinas cada un.





As actuacións a realizar en ningún caso abranguerán ningunha das finalidades ou materias sobre as que o artigo 4 da Lei 29/2005, do 29 de decembro, de publicidade e comunicación institucional, estenda a súa prohibición.

3. Todos os datos e información serán de elaboración e maquetación propia e con cargo aos medios persoais e técnicos de que dispoña a empresa. Non obstante a consellería facilitará os datos que considere relevantes para a súa difusión e aqueles outros que sexan solicitados polo medio e poderá formular en relación cos datos e información as observacións que considere pertinentes co fin de garantir a obxectividade e veracidade destes, as cales deberán terse en consideración.

4. Colaborar e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas

Para acreditar o cumprimento das cláusulas deste convenio, a entidade entregará á Vicepresidencia e consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a seguinte documentación:

1. Un certificado asinado por persoa responsable onde se exprese que por parte da entidade se realizou a totalidade do obxecto do convenio.
2. Unha memoria xustificativa das actuacións realizadas, na que se indicará a materia competencia da consellería sobre a que versou a actuación e se acompañará dunha copia dos contidos editados e publicados polo medio en cuestión.

Todo isto esixirá a previa e expresa conformidade da persoa designada pola consellería, á que se refire a cláusula sétima deste convenio de colaboración, coa documentación achegada para acreditar o cumprimento das obrigas que, pola referida entidade, se asumen ao asinar este convenio. Poderán efectuarse pagos parciais, conforme se acredite a publicación das actuacións obxecto deste convenio.

CUARTA.- ORZAMENTO.

Para a colaboración nos gastos orixinados para a realización da devandita información, e como compensación dos gastos nos que incorre a entidade para a realización do obxecto do convenio, a Vicepresidencia e consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, achegará un importe máximo de VINTE UN MIL CATROCIENTOS CINCUENTA E CATRO EUROS CON CORENTA CÉNTIMOS (21.454,40 €), con cargo á aplicación orzamentaria 05.21.121A.641.0, código de proxecto 2015 00165 do seu orzamento para o ano 2018.

O presente convenio de colaboración tramitase ao abeiro do disposto no artigo 1.1 ° da Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto. A concesión da axuda estará supeditada á condición suspensiva da existencia de crédito suficiente nas citadas aplicacións orzamentarias dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018.





QUINTA.- VIXENCIA

O presente convenio de colaboración entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 30 de decembro de 2018.

SEXTA.- RÉXIME DE PERSOAL

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a Xunta de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste. En consecuencia a empresa editora asumirá a posición de empresario ou contratante verbo de tales profesionais, e asumirá en exclusiva as obrigas e responsabilidades legais que a normativa legal e convencional lle impón verbo destes.

SÉTIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Coa finalidade de coordinar e supervisar o desenvolvemento da actuación e de asegurar o cumprimento deste convenio creárase unha comisión paritaria de seguimento que actúe como mecanismo conxunto de plena efectividade e que se reunirá a petición dunha das partes. Dita comisión estará formada por un representante de cada unha das partes.

Sen prexuízo do sinalado no parágrafo anterior, a entidade designará unha persoa como representante de dita empresa ante a Vicepresidencia e consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza no prazo de tres días contados dende a sinatura do convenio. A referida persoa manterá contacto directo e habitual coa persoa designada pola consellería coa finalidade de coordinar e executar eficazmente as actividades que prevé este convenio de colaboración.

OITAVA.- RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución:

- a) A denuncia do convenio de colaboración por calquera das dúas partes.
- b) O incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que regulan o presente convenio.
- c) O transcurso do tempo estipulado sen que se leve a termo o obxecto do mesmo, agás que concorra causa xustificada.

NOVENA.- TRANSPARENCIA

As partes asinantes manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

DÉCIMA.- INTERPRETACIÓN DO CONVENIO

No presente convenio, correspóndelle á Vicepresidencia e consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a prerrogativa de interpretar e resolver as dúbidas que xurdan sobre o seu cumprimento, e os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.





XUNTA DE GALICIA

galicia


DÉCIMO PRIMEIRA.- NATUREZA E LITIXIOS

O presente convenio ten natureza administrativa.

A Xurisdición Contencioso-Administrativa será competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse.

En proba de conformidade asinan o presente convenio, por duplicado exemplar no lugar e data arriba indicado.

O Vicepresidente e conselleiro de Presidencia,
AAPP e Xustiza



Alfonso Rueda Valenzuela

O representante de La Región, S.A.

La Región, S.A.

Carlos Jesús Barbosa Lorenzo